17 OUT · A CORUÑA

CULTURA PARA A VIDA MELLOR

CULTURA E SAÚDE COMUNITARIA

Como podemos conectar cultura, saúde e benestar comunitario para mellorar a vida das persoas?

Cada vez contamos con máis evidencias sobre a relación entre a participación cultural, os vínculos sociais, o benestar e a saúde. Ao mesmo tempo, pasar das evidencias á práctica require coordinación entre profesionais e institucións, coñecer os recursos existentes e entender as responsabilidades, os tempos e os límites de cada ámbito.

Esta xornada propón un encontro entre profesionais da cultura, da saúde, dos coidados e do traballo comunitario para coñecer experiencias concretas e conversar sobre como construír relacións máis estables. Falaremos de prescrición cultural, saúde mental, participación, soidade non desexada e mediación; tamén das cautelas necesarias para non presentar a cultura como unha solución automática nin como substituto da atención sanitaria.

A mañá combinará tres perspectivas complementarias: a articulación institucional e a investigación desenvolvidas en Portugal; unha rede cultural que colabora cos ámbitos social e sanitario en Euskadi; e unha ollada situada na Coruña, desde a terapia ocupacional, a saúde mental, a universidade e a experiencia de colaboración con espazos culturais.

A conversa entre as persoas asistentes será unha parte central da xornada. As intervencións convidadas permitirán introducir o marco e servirán como disparadoiro para abrir a conversa, compartir prácticas, preguntas e dificultades, poñer en común necesidades e explorar conexións e posibilidades de colaboración adaptadas ao contexto galego.

Sábado 17 de outubro de 2026 · 10:00 a 14:00 h
Recepción desde as 9:30 h.

Sala Juanjo Gallo · Deputación da Coruña
Avenida Porto da Coruña, 2, 6º andar · A Coruña.

A xornada inclúe unha pausa café no propio espazo.

Participación gratuíta, con prazas limitadas. Solicitude de inscrición por orde de chegada e confirmación de praza.

Información e inscrición: aculturaeundereito.gal/xornadas/

Organiza:

Deputación DA CORUÑA

A CULTURA É UN DEREITO

Inscricións e información en:
aculturaeundereito.gal

PROGRAMA

17 OUT · CULTURA E SAÚDE COMUNITARIA

09:30 h

Chegada e acollida

Recepción e acreditación das persoas participantes.

10:00 h

Benvida e presentación

Presentación da xornada, das persoas convidadas e do marco de traballo.

10:30 h

Das evidencias á acción institucional coordinada

Fátima Vieira, profesora catedrática da Faculdade de Letras e ex-vicerreitora para a Cultura e Museos da Universidade do Porto, presentará unha perspectiva internacional sobre as evidencias arredor do impacto das artes e da participación cultural na saúde e no benestar. Explicará tamén o traballo do Consórcio de Prescrição Cultural, que conecta universidades, museos, municipios, entidades profesionais e organismos sanitarios para formar profesionais, investigar, desenvolver experiencias piloto e avanzar cara á integración da prescrición cultural nas políticas públicas e no Serviço Nacional de Saúde portugués.

10:55 h

Conectar cultura, saúde e benestar: dúas olladas desde a práctica

Marta Font Cifré é directora de Gertu Kultura e directora de Estratexia, Consultoría e Innovación Social de K6 Gestión Cultural. Achegará a perspectiva dunha rede que crea relacións estables entre equipamentos culturais, entidades sociais e servizos de saúde. Entre as experiencias recentes está Kulturatik ekin. Osasun Komunitarioa, impulsada con Osakidetza e o Concello de Ormaiztegi para acompañar persoas maiores en situación de illamento ou soidade non desexada mediante a participación continuada en actividades culturais.

Mercedes Seoane Bouzas é terapeuta ocupacional, psicóloga e profesora da Facultade de Ciencias da Saúde da UDC. A súa traxectoria combina práctica, docencia e investigación en saúde mental, autonomía persoal e benestar comunitario. No ámbito cultural participou na experiencia Saúde mental e arte contemporánea, vinculada a Es Baluard Museu e á Área de Saúde Mental de Mallorca. Achegará a mirada de quen traballa desde a saúde e os coidados sobre as posibilidades e condicións dunha colaboración rigorosa coa cultura.

11:45 h

Pausa café

No propio espazo.

12:15 h

Apertura da conversa ás persoas participantes

Presentacións breves e diálogo sobre marcos de traballo, metodoloxías, dificultades e posibilidades de colaboración entre a cultura e os ámbitos da saúde, os coidados e o benestar comunitario.

13:45 h

Síntese e peche

Recollida de aprendizaxes, preguntas abertas e posibles conexións para dar continuidade ao traballo.

Organiza:

Deputación DA CORUÑA

A CULTURA É UN DEREITO

Inscricións e información en:
aculturaeundereito.gal